



O STEG consegue que a Consellería mude a súa proposta inicial sobre os agrupamentos.

CHEGAMOS A UN ACORDO QUE MELLORA NOTABLEMENTE AS RATIOS QUE SE VIÑAN APLICANDO ATE O DE AGORA.

	Proposta da circular	Proposta Consellería 9-6-09	1ª Proposta STEG	Proposta Consellería 22-6-09	2ª Proposta STEG	ACORDO DEFINITIVO
EP mesmo ciclo	20	18	14	15	14	14
EP distinto ciclo	15	15	10	12	10	12
EI 4 e 5 anos	20	----	-----	-----	14	14
EI 3,4,5 anos	20	18	10	15	10	12
EI + EP	----	-----	8	----	Negociación nas xuntas de persoal	10

O STEG asina un acordo sobre as ratios para os centros incompletos porque mellora o que se viña aplicando por parte da inspección educativa. Este acordo foi posible grazas a unidade sindical que mantivemos desde a filtración da circular dirixida á inspección, e que despois dun escrito conxunto de todas as OOSS e de plantes na mesa sectorial de educación obrigou á Administración a ter que moverse dos números que manexaban.

Cando as posicións estaban moi cerca no relativo a ratio de EP foi clave a proposta do STEG de contemplar unha ratio específica cando se escolarice alumnado de 3 anos, pasando así dos 20 iniciais aos 12 alumnas e alumnos que aceptou a Consellería. Esta proposta foi apoiada por outras organizacións.

Este acordo reducirá drasticamente o número de unidades que a Consellería pretendía eliminar coa circular enviada, e incluso a creación de novas unidades en moitos centros do rural galego, especialmente en EI. A espera de ter os datos a nivel nacional



SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA
www.stegsindicato.org

A CORUÑA-SANTIAGO Avda de Coimbra 15, local. 15704 / tfno-fax: 981580700
LUGO Rúa Bolaño Ribadeneira, 20-2ºB. 27001 / tfno-fax: 982240066
OURENSE Rúa S. Domingos, 60; gal. Xesta-entrechán, 1. 32005 / tfno-fax: 988252323
PONTEVEDRA Rúa Eduardo Pondal,3 entrechán. 36003 / tfno-fax: 986857545

podemos comentar que na provincia de Lugo coa anterior proposta da Consellería se reducían 7 unidades de EI, cos número finais créanse 18 novas unidades de EI

Tamén se aceptou a petición de que se tiveran en conta para establecer as ratios o alumnado repetidor, aspecto que non aparece en ningunha outra . Ademais os casos de alumnado con NEE serán estudados un por un nas xuntas de persoal. Acéptanse así dúas das peticións históricas do STEG

O acordo contempla tamén a nosa petición sobre formación específica do profesorado en aulas multinivel , xa que este é un aspecto clave para a mellora da calidade do ensino nos centros do rural.

Estamos ante o mellor acordo asinado sobre ratios de todo o estado.

Isto demostra unha vez máis que o STEG, desde a súa independencia, asina calquera acordo que supoña unha mellora do ensino público galego .